

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Baiona para a execución da actuación de "Obras de mellora da estación de tratamento de auga potable de Baiona. Baiona (Pontevedra)", cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2021-2027

1. Antecedentes

O Concello de Baiona ten atribuídas as competencias en materia de abastecemento de auga potable de acordo co establecido nos artigos nos artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, nos termos establecidos pola lexislación da comunidade autónoma, en concreto nos artigos 81 a) e 80.2 l) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, e nos artigos da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, que regulan o reparto competencial en materia de abastecemento.

Con referencia a esta última lei, os artigos 5.1 a) e 27.1 establecen como competencia das entidades locais o servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario. Ademais, o artigo 27.2 establece a competencia das entidades locais en materia de elaboración e aprobación de proxectos de obras e execución de infraestruturas cando se trate de obras da súa competencia así como a explotación dos servizos da súa competencia.

A entidade pública Augas de Galicia, creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Entre estas competencias atópanse, con carácter xeral, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a adopción de medidas que garantan o abastecemento aos municipios (artigo 31.1) e a supervisión das redes básicas de abastecemento en alta (artigo 31). En calquera caso, as competencias de Comunidade Autónoma de Galicia exerceranse sempre de conformidade co principio de garantía e eficacia do servizo público de abastecemento (artigo 3.1.f)).

A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do abastecemento terá por finalidade a garantía de subministración de auga en calidade e cantidade axeitada aos núcleos de poboación legalmente constituídos, nos termos establecidos na planificación.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de abastecemento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a



Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

A Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga, ten por finalidade contribuír a garantir a satisfacción das necesidades básicas do uso da auga, en condicións axeitadas de cantidade e calidade, e a protección dos recursos hídricos e dos ecosistemas acuáticos e terrestres asociados. En concreto, a lei persegue a mellora da eficiencia na prestación dos servizos públicos relacionados co ciclo integral da auga; e establece como un dos principios de actuación na xestión do ciclo integral da auga a cooperación entre as administracións públicas, a través da corresponsabilidade e do cofinanciamento, en función da súa capacidade económica, na programación dos investimentos para a mellora do ciclo integral da auga.

O artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o 194 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

A estación de tratamento de auga potable de Baiona, foi construída nos anos noventa e na actualidade está a xerar problemas na calidade da auga relacionados cos niveis de aluminio, ferro e manganeso. Así mesmo, a infraestrutura mostra sinais de envellecemento, con desgaste en equipos e incumprimentos normativos en almacenamento de reactivos e instalacións eléctricas.

Por outra banda, o Concello de Baiona viuse afectado por un episodio de escaseza, no verán do ano 2025, que foi abordado na Oficina Técnica da Seca constituída no marco do Plan de seca da demarcación hidrográfica de Galicia Costa, dando lugar á activación de medidas equivalentes a unha situación de prealerta ou escaseza moderada no subsistema de Baiona, situado na unidade territorial de escaseza 1- Río Verdugo, Ría de Vigo e Ría de Baiona mediante resolución da Dirección de Augas e Galicia do 07.08.2025, situación que escalou ate a declaración de dun escenario de alerta ou escaseza severa no mesmo subsistema por resolución da mesma Dirección do 07.10.2025, persistindo ate a desactivación de dita alerta en virtude de resolución do 24.11.2025.

Polo tanto, é necesario levar a cabo actuacións de mellora na estación de tratamento de auga potable co fin de que auga se poida tratar coas necesarias garantías sanitarias de calidade e que as instalacións se adapten as imposicións legais derivadas das normativas de almacenamento de produtos químicos, instalacións eléctricas e seguridade.

2. Obxectivos que se pretenden



O obxecto do convenio de colaboración é establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Baiona que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na actuación de execución das "Obras de mellora da estación de tratamento de auga potable de Baiona. Baiona (Pontevedra)", a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento.

3. Necesidade de colaboración, razón de oportunidade e xustificación da non concorrencia.

O convenio proxectado comprende a realización das actuacións necesarias para a adecuación da estación depuradora de auga potable de Baiona ao Real Decreto 3/2023, do 10 de xaneiro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministración, que establece as condicións mínimas de calidade esixidas á auga de consumo humano. Ademais, prevese a adaptación da infraestrutura á normativa vixente en materia de almacenamento de produtos químicos, seguridade industrial, instalacións eléctricas e seguridade laboral. No deseño da solución de tratamento considerouse a súa compatibilidade cunha futura ampliación da ETAP ata os 410 m³/h.

Se pretende, polo tanto, prestar o apoio necesario ao ente local para dar cumprimento aos requirimentos normativos en materia de seguridade industrial e saúde pública, redundando ademais na xestión máis sostible dun elemento esencial do servizo municipal de abastecemento, cuxo funcionamento óptimo reclama a pronta solución das anteditas eivas, especialmente tendo en conta a previsible reprodución no futuro do episodio de escaseza hídrica padecido no 2025.

4. Estimación de custos e financiamento

O investimento total das actuacións obxecto do convenio ascende a dous millóns seiscientos oitenta e catro mil douscentos noventa e nove euros con setenta céntimos (2.684.299,70 €), coa seguinte previsión inicial de anualidades de gasto:

Exercicio	Importe
2027	2.243.759,02
2028	440.540,68
Total	2.684.299,70

Os gastos que se xeren en execución do convenio terán o seguinte financiamento:

a) o concello achegará o 20% do custo total da actuación obxecto do convenio que ascende a cincocentos trinta e seis mil oitocentos cincuenta e nove euros con noventa e catro



céntimos (536.859,94 €), segundo o calendario de pagos previsto no apartado 1 da cláusula sexta, isto é:

Ano	Importe
2026	150.000,00
2027	386.859,94
2028	0,00
TOTAL	536.859,94

b) Augas de Galicia achegará o 80% do custo total da actuación obxecto do convenio para as anualidades 2027 e 2028, que ascende a dous millóns cento corenta e sete mil catrocentos trinta e nove euros con setenta e seis céntimos (2.147.439,76 €), distribuído entre as modalidades 1510 (gasto non elixible) e 1020/1520 e 4140 (gasto elixible), tal e como se indica nos apartados c) e d) seguintes.

c) o gasto non elixible será a suma dos gastos en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), de taxa de dirección e inspección de obra e de taxa de dirección dos contratos de servizo en materia de augas e infraestruturas dos contratos e financiarase da seguinte forma:

Transferencia finalista do concello	536.859,94
FCA, canon de auga (1510)	3.579,31
Total do gasto non elixible	540.439,25

d) O gasto elixible supón un total de dous millóns cento corenta e tres mil oitocentos sesenta euros con corenta e cinco céntimos (2.143.860,45 €), Deste gasto elixible o custo total subvencionable neto, tras aplicación da porcentaxe de ingresos netos do sector da auga, será de un millón oitocentos vinte e dous mil douscentos oitenta e un euros con trinta e oito céntimos (1.822.281,38 €). O elixible será financiado pola Unión Europea e pola Xunta de Galicia mediante transferencia de capital da consellería á que estea adscrita Augas de Galicia, do seguinte xeito:

- Pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027 nun 60% do custo total subvencionable neto.
- Pola Xunta de Galicia nun 40% do custo total subvencionable neto máis o resto do gasto elixible, de acordo co seguinte reparto:

EXERCICIO	MOD 1020/1520	MOD. 4140	CUSTO SUBVENCIONABLE NETO	ELIXIBLE
2026	-	-	-	-



2027	878.087,51	913.927,82	1.523.213,03	1.792.015,33
2028	172.404,11	179.441,01	299.068,35	351.845,12
Total	1.050.491,62	1.093.368,83	1.822.281,38	2.143.860,45

- Na modalidade 1020/1520 recóllese o importe cofinanciado pola Xunta de Galicia do gasto elixible.
- Na modalidade 4140 recóllese o importe cofinanciado pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

En todo caso, o concello asumirá o 20% do gasto definitivo derivado da execución dos contratos tramitados para a correcta execución das actuacións conveniadas (obra, asistencia técnica á dirección de obra, seguridade e saúde e todos aqueles que a dirección de obra nomeada considere necesarios para a súa correcta execución), incluídas as variacións económicas, á alza ou á baixa, orixinadas por modificacións (que inclúe a redacción de proxecto do modificado), revisións de prezos, liquidacións dos contratos ou posibles indemnizacións aos contratistas derivadas do cumprimento da vixente normativa sobre contratos do sector público.

Na contabilidade de gasto de Augas de Galicia deberán diferenciarse as distintas modalidades de gasto para poder realizar un adecuado seguimento contable das fontes de financiamento do convenio.

Unha vez adxudicados todos os contratos necesarios para cumprir co obxecto do convenio, Augas de Galicia poderá liberar o saldo non comprometido para a execución dos ditos contratos.

Durante a execución do gasto, Augas de Galicia contabilizará o gasto na conta financeira 230 investimentos xestionados para outros entes públicos. Unha vez se entregue a infraestrutura ao concello, a efectos da súa baixa no inventario de Augas de Galicia, trasladarase o gasto acumulado mediante asiento contable á conta financeira 6556 transferencias de capital a corporacións locais.

Augas de Galicia asume os compromisos económicos que se deriven da execución das obras segundo a previsión inicial de anualidades de gasto, sen prexuízo dos pagos que debe realizar o concello consonte ao indicado na cláusula seguinte.

En función das súas disponibilidades, Augas de Galicia poderá substituír total ou parcialmente o financiamento da Xunta de Galicia por fondos propios da entidade

5. Vixencia do convenio



O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2029.

Consonte ao disposto no artigo 48.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público o convenio contribúe a mellorar a eficiencia da xestión pública, a facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos e á realización de actividades de utilidade pública.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director de Augas de Galicia

Roi Fernández Añón

